

TRATAMOS DEMASIADO BIEN A LAS MUJERES

1260

Clara Bilbao, 2024

ESTREA EN NUMAX: 22.03.2024 | V.O. | +16 | 93 min

Remedios Buendía defende a súa patria por riba de todo. Un fatídico día de outono de 1945, un grupo de maquis á fuga ten a mala idea de tomar a estafeta onde Remedios, ilusionada, proba o seu vestido de noiva. Hoxe será o día no que demostrará até onde pode chegar defendendo os seus valores. E ninguén vai poder parala. Nin sequera este batallón de rebeldes con fusís fumegantes e puños en alto.

«Unha comedia negra moi atinada, succulenta, cun reparto coral en estado de graza e un inmejorable diseño de produción»

Sergio F. Pinilla, CINEMANÍA



Clara Bilbao, 2024

Unha revelación contra os tópicos do cinema español

Por Luis Martínez

O tópico di que o cinema español leva ancorado na Guerra Civil desde antes mesmo do 36; o lugar común insiste en que o cinema español dirixido por mulleres só é capaz de falar da maternidade (nova), o patriarcado (vello) e as novas masculinidades (de mediana idade), e, por suposto, se un quere odiar ao cinema español ata o punto de ser o máis valorado nos comentarios das noticias sobre cinema español o primeiro que ten que dicir é que todos os seus integrantes son máis subvencionados que a Fasa-Renault e as eólicas xuntas. Pois ben, ata que chegou *Tratamos demasiado bien a las mujeres*, de Clara Bilbao. Si, a película protagonizada por unha descomunal Carmen Machi localízase xusto despois da Guerra Civil, pero o ton, a actitude e a falta de prexuízos é tal que ben podería tratarse de calquera outro conflito igual de incivil e absurdo. Si, a directora é muller, pero nas súas mans o feminismo funciona sen freos, sen dar explicacións e, sobre todo, sen pedir desculpas. Si, é cinema español, pero, e isto proe aos haters, quedou fóra das subvencións do Instituto do Cinema (ICAA). É dicir, fagan oco que estoupa.

"A miña proposta non é nin revisionista nin dogmática. Tampouco teño ningunha necesidade de ser equidistante nin de propoñer un feminismo correcto", di a modo de declaración de intencións a responsable de todo isto. Para situarnos e para que non haxa equívocos, Clara Bilbao, de 53 anos, é moitas cousas, menos unha recén chegada. Debuta como directora de longametraxes, pero no seu haber conta xa con tres Goya. Tres, que non un nin dous. A antes directora de vestiario con medio cento de títulos asinados, logrou os premios da Academia por *Blackthorn* (2011), de Mateo Gil, *Nadie quiere la noche* (2015), de Isabel Coixet, e *La sombra de la ley* (2018), de Dani de la Torre. E sempre, insiste, o seu foi un traballo que quería "sumar, que non só acompañar". "Cando recibo un guión visualizou a película enteira, non só a roupa", di.

Sobre o libro de Raymond Queneau orixinalmente ambientado en Irlanda e que xa tivo unha versión cinematográfica en 1971 asinada por Michel Boisrond, Miguel Barros escribe unha historia particular, pero esta vez moi nosa. Española ata a exasperación. (...) *Tratamos demasiado bien a las mujeres* acaba por ser unha película de humor, pero tamén de amor; de guerra, pero para ser gozada en paz; de nostalxia, pero sen esaxerar. Ten algo de *Amanece que no es poco* (José Luis Cuerda, 1989), de *Plácido* (Luis García Berlanga, 1961) ou de *La Vaquilla* (Luis García Berlanga, 1985).

Só unha actriz sobre o planeta sería capaz de facer o que fai Carmen Machi cun personaxe desaforado, divertido, trágico, violento e moi cándido. Todo á vez. E esa actriz é, en efecto, Carmen Machi. A película, en verdade, depende enteiramente dela porque toda a película móvese exactamente no rexistro, ton e afinación que ela marca. É comedia, pero coa forma e estrutura da maior das traxedias; é drama, pero tan delirante que ruboriza; é aventura bélica, pero o absurdo que preside cada liña de diálogo desactiva calquera chamamento ás armas. É, en definitiva, cuerdista, de José Luis Cuerda, por surrealista, por rural, por surrural e polos catro costados. Que xunto a actriz aparezan Antonio da Torre, Julián Villagrán, Isak Férriz, Óscar Ladoire, Diego Anido e ata Luis Tosar, ademais de vestir ben cada secuencia dá unha idea ata que punto Bilbao é querida na profesión.